

# Adolescencia

As voltas e reviravoltas da vida cotiá dun neno que se fai adolescente convértese no eixo fundamental sobre o que xira o texto que Fina Casalderrey vén de publicar na colección “Fóra de Xogo” de Edicións Xerais de Galicia baixo o título *A Pomba e o Degolado*, dous nomes de paxaros susceptibles de ser interpretados en clave metafórica como un desexo de liberdade que, a miúdo, é impedido polas reixas da propia realidade.

André é o protagonista da novela e o que conta en primeira persoa o que lle sucede agora de mozo mesturado cos recordos que lle veñen á cabeza e que o fan, por unha banda, sentirse anoxado e, por outra, comprender determinados comportamentos e reflexionar acerca da actitude que os demais e el mesmo adoitan ante a vida. Así entre os saltos continuos no tempo, os traballos que debe presentar en clase ou as conversas que mantén no chat baixo o Nick “Degolado” con “Pomba” coñecemos o que fai, o que pensa e a súa interpretación do que acontece ao seu redor.

---


## *Metáfora da liberdade*

---



MARÍA NAVARRO

---



Numerosos son os temas que se agolpan nos parágrafos que constitúen o texto e numerosos os tópicos tratados ao longo dos vinte e dous capítulos da novela, de modo que non faltan uns país separados no que un dos membros non se ocupa dos fillos, un rapaz acosado polos compañeiros que se nega a contar o que lle sucede por medo, unha rapaza discriminada por ser de fóra, un avó enfermo que é o seu referente na vida, unha inclusión da Internet como refuxio ás súas penas, un espertar ao amor . . . , en definitiva, diríamos que case todos os ingredientes que unha novela precisa para captar a atención dun público adolescente e que practicamente converte *A Pomba e o Degolado* nunha paradigmática “novela de instituto” que quizais divirte aos rapaces, porque lles fala de ti a ti, mais que pouco achega ao panorama da literatura galega se falamos en termos de calidade.

A autora, boa coñecedora da psicoloxía infantil e xuvenil, quizais polo seu traballo de mestra, brilla nas súas historias destinadas aos cativos, mais non podemos dicir o mesmo dos libros para mozos.

---

CASALDERREY, Fina, *A pomba e o degolado*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 171 páxinas.